

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004137	IES Ramón M ^a Aller Ulloa	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	2º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Na elaboración da programación didáctica teremos en conta que ante todo debemos contribuír na consecución das finalidades terminal e propedéutica desta etapa no marco do currículo comprensivo. Os cambios de tipo fisiolóxico e a evolución psicolóxica, afectiva e emocional van marcar as pautas do desenvolvemento dos alumnos e implicará unha determinada progresión na determinación dos obxectivos e na secuenciación dos contidos.

Procurarase proporcionar unha educación integrada, tendo en conta as finalidades da ESO e os obxectivos xerais desta etapa, ós que contribuiremos directamente dende a nosa área, centrándonos naqueles que máis pode influír a educación física.

O que se pretende é dar a coñecer as distintas manifestacións da materia dende ópticas distintas e variadas, de tal xeito, que o alumnado ó rematar esta etapa, teña un coñecemento global da educación física, dende as distintas variables. Por elo, máis que centrarnos en determinadas facetas da materia, daremos unha visión global dela, en aras dunha formación integral e unha competencia motriz axeitada, e de dotalos de certa autonomía nalgúns facetas concretas, para que logo elixan as que máis se aproximen ós seus intereses e inxerencias en futuras etapas.

A educación física nesta etapa está orientada a profundar e perfeccionar o coñecemento do corpo e as súas posibilidades motrices, en base a contidos desenvolvidos na etapa anterior e a propostas de novos aprendizaxes, que contribúan a ampliar e mellorar as capacidades xa adquiridas.

No contexto actual, a educación física oríéntase arredor de dous eixes de actuación: a mellora da saúde, en canto o desenvolvemento de compoñentes saudables da condición física e a adopción de actitudes críticas ante as prácticas que incidan negativamente nela; e por outro lado, á orientación instrumental do perfeccionamento de habilidades específicas deportivas, de ritmo e de expresión, para o disfrute activo do tempo de lecer.

Nesta etapa, e tendo en conta as finalidades atribuídas ao bacharelato, este proceso debe contribuír a consolidar a autonomía plena do alumnado para satisfacer as súas necesidades motrices. Para iso, é necesario completalos coñecementos referidos ao saber cos relativos ó facer, de forma que teoría e práctica contribúan á esencia da educación física, propiciando nos alumnos a adquisición dos procedementos necesarios para planificar, organizar e dirixir as súas actividades, sen esquecer o seu carácter procedimental. Deste xeito, a práctica regular de actividades físicas adaptadas os seus intereses e posibilidades facilita a consolidación de actitudes de interese, respecto, solidariedade e cooperación.

CONTEXTUALIZACIÓN

O Instituto está situado na localidade de Lalín, pertencente ao concello de Lalín, un dos máis importantes de Galicia, e está próximo a Santiago de Compostela.

Na actualidade, este concello conta cunha economía moi diversificada, posto que a tradicional actividade agrícola e gandeira foi abrindo portas progresivamente nas últimas décadas a un sector industrial en expansión, principalmente puxante nas ramas do téxtil, do aluminio e da construción. A crise económica actual afectou con intensidade a estes sectores, abocando ao peche á maioría das empresas. Esta diversificación tamén ten unha tradución xeográfica, posto que no núcleo urbano e nas parroquias colindantes atópanse todos os servizos e a maior parte das industrias -situadas maioritariamente nos dous polígonos existentes-, mentres que na zona eminentemente rural a economía segue a estar baseada nas explotacións agropecuarias, que aproveitaron a riqueza da comarca para modernizarse e facerse máis competitivas, sendo hoxe en día o sector máis puxante.

Dentro do alumnado do noso IES hai que distinguir entre as distintas etapas educativas tanto pola súa procedencia como polas súas características:

- Alumnado de ESO:

Os alumnos que se incorporan en 1º da ESO proveñen na súa maioría dos centros adscritos CEIP Xesús Golmar e CEIP Varela Buxán, e son alumnos que levan convivindo a maior parte da súa traxectoria escolar. Viven tanto no entorno próximo ao centro como do resto dos pobos que forman o Concello de Lalín, polo que aproximadamente un 43,3% dos alumnos acude ao centro utilizando o transporte escolar.

As características xerais do alumnado son:

- ¿ Niveis de competencia curricular normais na súa maioría, con casos de desfase curricular que van en aumento.
- ¿ Normalizada motivación cara o estudo, con diferenzas en canto aos alumnos que chegan uns anos con respecto a outros.
- ¿ En boa parte das familias, existen hábitos de estudo e é baixa a porcentaxe de alumnos con desestructuración que afecte ao rendemento escolar.
- ¿ Polo xeral, e salvo excepcións puntuais, non existen problemas graves de actitude en clase.
- ¿ Nivel de absentismo baixo, nalgúns casos coñecido e consentido polos pais.
- ¿ Porcentaxe baixa de abandono do sistema educativo sen finalizar a ESO.
- ¿ Puntual existencia en ocasións de problemática familiar que interfere negativamente no proceso de ensinanza-

aprendizaxe.

¿ Alumnado inmigrante cuxo número varía en función do curso. Algún presenta dificultades de comprensión dos idiomas, galego e castelán. Non teñen problemas de integración entre os seus compañeiros.

O desenvolvemento motor é algo imprescindible no sistema educativo, adaptado as esixencias do alumnado, para conxugar os procesos cognitivos, biolóxicos e socioafectivos que lle permitan ao alumnado afrontar e superar os problemas motrices que puidesen xurdir en diversos contextos a partir dunha aprendizaxe significativa.

Desde outra óptica, o estilo de vida sedentario require que a educación física se estableza como contrapeso e manteña o equilibrio psíquico e físico do ser humano e favoreza prácticas saudables para o tempo de lecer.

Propónse unha educación física formativa que permita a través da motricidade construír a identidade corporal dos nosos/as alumnos/as. Para iso concretamos actuacións axustadas aos ritmos de aprendizaxe e ás características do alumnado e a contorna.

Na etapa da E.S.O. a educación física estará orientada o coidado e a mellora do corpo, a forma física e á saúde , e para incrementar as capacidades socio-comunicativas e expresivas e a utilización construtiva do lecer a través de actividades recreativas e deportivas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Condición física, saúde e deportes de adversario.	Nesta UD traballaremos as capacidades coordinativas, as capacidades físicas básicas orientadas á mellora da saúde. Tamén desenvolveremos os conceptos de primeiros auxilios e seguridade na actividade física. Remataremos coa mellora no traballo das habilidades específicas nos deportes de adversario.	33	22	X		
2	Deportes de colaboración/oposición	Desenvolvemento das habilidades específicas dos deportes de colaboración/oposición, na mellora dos aspectos técnicos e tácticos, (grupala e colectiva); inicialmente en situacións adaptadas, para ir avanzando progresivamente cara ó xogo real.	34	22		X	
3	Actividades no medio natural, artístico/expresivas e deportivas, (individuais e colectivas).	Traballo das actividades artístico-expresivas con e sen base musical. Actividades no medio natural, orientación e senderismo. Mellora nas habilidades ximnásticas e no atletismo e continuación cos deportes colectivos.	33	26			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Condición física, saúde e deportes de adversario.	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Establecer e organizar secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Elaborar un quecemento xeral	PE	15
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Coñecer algunha aplicación dixital para o rexistro de datos		
CA2.2 - Coñecer e actuar de acordo cos protocolos de intervención ante accidentes derivados da práctica de actividade física, aplicando medidas básicas de primeiros auxilios.	Coñecemento do SVB e do protocolo PAS		
CA1.2 - Incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realizar de forma autónoma actividade física coas pautas establecidas	TI	85
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Respectar as normas da clase en canto a presenza de riscos na actividade física		
CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Practicar actividade física con seguridade para a nosa saúde		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Respecto polas normas de clase e aceptación da victoria e a derrota nas actividades deportivas		
CA1.7 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	Coñecer os aspectos básicos das modalidades deportivas vistas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Adoptar de maneira responsable e con autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo situacións de risco para actuar preventivamente.	Actividade física con seguridade e respecto		
CA2.3 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Coñecer algunha aplicación dixital para o rexistro de datos		
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Desenvolver tarefas individuais ou en grupo		
CA2.5 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar as modalidades deportivas acorde ao nivel de cada quen		
CA2.6 - Coñecer as normas de seguridade individuais e colectivas valorando a súa importancia e aplicándoas na práctica das actividades motrices, dentro e fóra do centro escolar.	Práctica de actividades motrices con seguridade		
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Aplicacións dixitais, manexo delas		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo, incluíndo estratexias de autoavaliación e coavaliación tanto do proceso coma do resultado.	Actividades individuais e en grupo		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houberse) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Resolución de problemas ante situacións distintas en situacións reais de xogo		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Realizar con efectividade as tarefas nas distintas actividades deportivas		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Tarefas individuais e en grupo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practica física e deportiva con seguridade		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Actuar con responsabilidade nas distintas actividades propostas		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Coñecer os aspectos básicos das modalidades deportivas vistas		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Actividade física e deportiva con seguridade		
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Práctica e comportamento axeitado na actividade física e deportiva		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: <ul style="list-style-type: none"> - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando o volume e a intensidade da tarefa ás características persoais. - Alimentación saudable e valor nutricional dos alimentos. - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación. - Traballo compensatorio da musculatura postural. - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo. - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada. - A hixiene como elemento imprescindible na práctica de actividade física e deportiva. - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.

Contidos

- Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.
- Saúde mental:
 - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.
 - A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios.
 - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas.
- Elección da práctica física: xestión das situacións de competición en base a criterios de lóxica, respecto ao rival e motivación.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores:
 - Establecemento de mecanismos de autoavaliación para reconducir os procesos de traballo.
 - Ferramentas dixitais para a xestión da actividade física.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices:
 - Calzado deportivo e ergonomía.
 - Medidas de seguridade en actividades físicas dentro e fóra do centro escolar.
- Actuacións básicas ante accidentes durante a práctica de actividades físicas.
 - Conduto PAS (protexer, avisar, socorrer), protocolo 112 e soporte vital básico (SVB).
- Toma de decisións:
 - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais.
 - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
 - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
 - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica.
 - Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte.

Contidos

- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.

UD	Título da UD	Duración
2	Deportes de colaboración/oposición	22

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Actitudes e comportamento axeitado na práctica deportiva, con respecto aos demais	PE	10
CA1.7 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	Adaptar as aptitudes propias ás dos demais, facilitando a participación e integración de todos/as.	TI	90
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Participar nas actividades deportivas, adaptando as nosas aptitudes as dos demais, nun entorno de respecto e seguridade		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Resolución de problemas en distintos contextos técnicos e tácticos.		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Toma de decisións axeitadas en cada situación plantexada		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Práctica deportiva con seguridade e respecto ás normas establecidas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Practicar deporte nun entorno de respecto e compromiso		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Coñecer as distintas modalidades deportivas e a súa aplicación práctica		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Practica deportiva con seguridade		
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Práctica deportiva nun entorno axeitado, respectando a contorna e aos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: <ul style="list-style-type: none"> - Análise crítica dos estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz e dos comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte. - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices. - A actividade física e o deporte como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social, superación persoal e medio para previr trastornos alimentarios. - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas. - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición. - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e da capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices. - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. <ul style="list-style-type: none"> - Funcións de arbitraje deportiva. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica. <ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte. - Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura.

UD	Título da UD	Duración
3	Actividades no medio natural, artístico/expresivas e deportivas, (individuais e colectivas).	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade vinculados ás devanditas manifestacións.	Coñecer os aspectos básicos das actividades a desenvolver	TI	100
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación do compañeiro ou da compañeira e da persoa opoñente (se o houbese) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Aplicación axeitada dos aspectos técnicos das actividades deportivas propostas		
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Resolver os problemas plantexados nas actividades propostas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Traballo individual ou en grupo axeitado aos problemas propostos.		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Práctica física e deportiva con seguridade e deportividade		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Mellorar nas actividades a desenvolver, mostrando progreso e respecto		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Coñecer aspectos básicos das distintas modalidades deportivas		
CA5.1 - Participar en xogos motores, deportes e outras manifestacións artístico-expresivas vinculadas tanto coa cultura propia coma con outras, favorecendo a súa conservación e valorando as súas orixes, evolución e influencia nas sociedades contemporáneas.	Participar nas actividades propostas, acorde as aptitudes de cada quen		
CA5.2 - Utilizar intencionadamente e con progresiva autonomía o corpo como ferramenta de expresión e comunicación a través de diversas técnicas expresivas, participando activamente na creación e representación de composicións individuais ou colectivas con e sen base musical.	Mellorar o nivel de aptitudes en cada actividade proposta		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Autonomía na actividade física e deportiva		
CA6.2 - Analizar e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Comportamento axeitado e respecto ás normas establecidas		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticas, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar, independentemente do nivel de aptitude acadado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Práctica física e deportiva con seguridade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Reflexión sobre actitudes negativas cara á actividade física derivadas de ideas preconcebidas, prexuízos, estereotipos ou experiencias negativas. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, do contexto e dos parámetros espaciais en que se desenvolve en situacións motrices individuais. - Delimitación de estratexias previas de ataque e defensa en función das características dos integrantes do equipo en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas. - Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo. - Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións. <ul style="list-style-type: none"> - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos. - Respecto ás regras: as regras de xogo como elemento de inclusión social. - Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices. - Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego, análise crítica. <ul style="list-style-type: none"> - Igualdade de xénero nas profesións asociadas ao deporte. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. - Os xogos e as danzas como manifestación da interculturalidade. - Usos comunicativos da corporalidade: expresión de sentimentos e emocións en diferentes contextos. - Técnicas de interpretación. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter artístico expresivo. - Xogos, deportes, danzas e bailes autóctonos de Galicia como elemento transmisor do patrimonio cultural. - Influencia do deporte na cultura actual: o deporte como fenómeno de masas, impacto social, aspectos positivos e negativos. - Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns e actitude crítica ante elementos da contorna que supoñan obstáculos á accesibilidade universal e á mobilidade activa, autónoma, saudable e segura. - O uso da bicicleta como medio de transporte habitual. - Novos espazos e prácticas deportivas.

Contidos

- Utilización de espazos urbanos e naturais desde a motricidade.
- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.
- Deseño de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Practica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A nosa materia ten un carácter marcadamente práctico, pero non deixaremos de lado os aspectos conceptuais e actitudinais, que serán adquiridos no desenvolvemento das clases prácticas e en sesións específicas na aula. Ámbolos dous aspectos terán maior preponderancia naqueles alumnos/as que non poidan participar nas clases prácticas.

Para a intervención na aula basearémonos nos seguintes aspectos:

Teremos en conta o nivel de aptitude do alumno/a e os coñecementos e experiencias previas.

Facilitaremos a construción de aprendizaxes significativas, en base a darlle sentido á aprendizaxe relacionando o novo co xa coñecido, a motivación do alumnado e a que as tarefas constitúan un reto para eles, pero acadalo, o que facilitará a modificación dos seus esquemas previos por outros novos.

Favorecer a capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo.

Buscaremos a funcionalidade da aprendizaxe: prácticos, necesarios e útiles.

Teremos en conta as aspiracións do alumnado nesas idades: adquirir coñecementos concretos e de inmediata aplicación práctica.

Buscaremos puntos de encontro entre o que desexarían aprender e o que sería preciso que aprenderan.

A nosa intervención como profesores, terá como obxectivo axudar e apoiar a actividade do alumno, ensinar unha serie de principios reitores e permitir que vaia actuando por si só. Teremos en conta a súa capacidade, e canto maiores sexan as dificultades, maior será o noso grado de axuda e proximidade. Cando organicemos diferentes grados de aprendizaxe distribuiremos o espazo de tal forma que non haxa interferencias entre elas. Nestas sesións podémonos atopar con certas dificultades para controlar ao grupo, insistiremos na idea de que a autonomía persoal supón niveis de responsabilidade persoal e de grupo e require a colaboración de todos. O mesmo sucede coa recollida do material, onde todos participarán para coñecer as normas de uso correcto del e das instalacións, de tal xeito, que a seguridade non se vexa comprometida por actuacións incorrectas ou irresponsables.

Realizaranse varios tipos de actividade: escoitar as explicacións do profesor, traballo individual, por parellas, en grupos, competicións, actividades de cooperación, etc.

Traballaranse os diversos tipos de actividades nas diversas unidades didácticas propostas: actividades de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenrolo, de síntese-resumo, de reforzo, de recuperación e de ampliación, en base as súas necesidades. Ademais será necesario prever os procedementos de avaliación e dalos a coñecer ó alumnado dende o primeiro momento.

A motivación é un aspecto moi importante para acadar unha aprendizaxe eficaz. Para elo, as actividades propostas deben de conectar directamente cos intereses deles, utilizando tódolos medios, recursos e actividades necesarias para acadalo.

As estratexias metodolóxicas a empregar para que os alumnos desenvolvan unha conduta motriz autónoma e creativa serán:

Fomentar a espontaneidade, non sendo os automatismos a única resposta motriz válida para todos.

Ofrecer a máxima responsabilidade ós alumnos.

Garantir a participación deles no proceso de toma de decisións.

Presentar o deporte como un feito educativo no que prime a participación activa e evitar a discriminación por razón de sexo, nivel de habilidade...

Perseguir o desenvolvemento equilibrado.

Garantir un tratamento integrador, unitario e multifuncional.

Propiciar unha actitude favorable cara a disciplina, estimulando, orientando, marcando e controlando os tempos de execución, minimizando os riscos, etc e permitindo que eles sexan os protagonistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

En resumo, a clase permitirá un máximo de participación activa, reducindo ó mínimo os tempos de espera dos

alumnos, aproveitando ó máximo os recursos dispoñibles e procurando que acaden altas cotas de autonomía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material deportivo propio de departamento
Aula EDIXGAL
Documentos sobre o desenvolvemento de cada UD
Elaboración de tarefas das distintas UD

O material didáctico empregado perante o curso será variado, en función da parte da materia vista.

Na parte teórica, o alumnado acedará á documentación teórica na aula Edixgal. Completarase coa consulta de libros de texto e as sesións teóricas de aula, (presentación en formato imples). Faremos uso da plataforma EDIXGAL e dos portátiles individuais, para repostaren cuestionarios e consultar aspectos teóricos-prácticos das unidades didácticas correspondentes.

Na parte práctica, os alumnos exentos ou con algunha lesión, elaborarán traballos dos distintos aspectos da actividade desenvolvida. Para elo daráselles una guía para facelos, tipo webquest. Asemade, axudarán en clase na organización e realización de tarefas, como árbitros, axudantes do profesor na organización e axuda a aqueles compañeiros que o precisen.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio do curso, levarase a cabo unha proba teórica sobre aspectos básicos dos contidos a impartir no curso de referencia, que servirá de base para o seu desenvolvemento.

Asemade, ao comezar cada unidade didáctica, na primeira sesión, farase unha avaliación inicial teórico-práctica, para establecer os grupos de nivel na aplicación práctica da mesma. Deste xeito, estableceranse varios niveis de progresión en cada unidade didáctica, na parte práctica, con actividades axeitadas ao nivel de cada grupo, que permitan ritmos de aprendizaxe distintos en base as capacidades de cada quen.

En resumo, os procedementos a utilizar serán probas teóricas e prácticas, que nos informen do nivel do alumnado e que servirán de punto de partida, na parte teórica e práctica da materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	34	33	100
Proba escrita	15	10	0	8
Táboa de indicadores	85	90	100	92

Criterios de cualificación:

A parte teórica da materia representará o 25% da nota en cada avaliación, en cada unidade didáctica aplicada e na avaliación final. Abrangue traballos específicos dentro de cada unidade didáctica, exames teóricos, presentacións.

A parte práctica da materia representará o 75% da nota en cada avaliación, en cada unidade didáctica aplicada e na avaliación final. Dese 75%, o 50% da cualificación será do traballo diario, nivel de progresión en relación ao nivel inicial, actitude, interese, autoesixencia e capacidade de superación. O 25% da cualificación restante corresponde ás probas prácticas dentro de cada unidade didáctica.

Haberá tres avaliacións parciais.

Haberá unha única avaliación final, que coincidirá en tempo coa 3ª avaliación, e que se desenvolverá a partires do 22 de xuño.

A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

Durante a segunda e/ou terceira avaliación realizaranse, para os alumnos que non superaran a materia na primeira e/ou segunda avaliación (respectivamente), actividades de recuperacións que consistirán en exame e/ou traballos (EDIXGAL) para a parte teórica e probas procedimentais para a parte práctica. Estas probas de recuperación estarán relacionadas cos contidos da avaliación anterior non superada, buscando incidir naqueles aspectos non acadados polo alumno.

Na última semana da terceira avaliación, e despois das probas de avaliación da mesma, os alumnos que non superaran este período poderán realizar as actividades de recuperación dos contidos do último trimestre (traballos, exame, proba práctica).

Con carácter extraordinario, poderán fixarse actividades de reforzo inmediatamente antes das probas de recuperación de cada unha das tres avaliacións.

A valoración cuantitativa das probas de recuperación será a mesma que na avaliación ordinaria

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Oa alumnos con materias pendentes deberán elaborar un traballo teórico (Aula Edixgal) por avaliación, e realizar unha proba práctica sobre os contidos non superados do curso anterior. O profesor indicará o inicio de cada avaliación o contido das probas e as datas das mesmas.

6. Medidas de atención á diversidade

Axustarase a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, facilitando recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses, carencias e capacidades presentadas nos alumnos destas idades. As dúas vías plantexadas basearanse no reforzo educativo e na adaptación curricular.

En ocasións será necesario deseñar actividades de reforzo e ampliación, algunhas das cales pódense levar a cabo en horario extraescolar por parte do alumnado.

As adaptacións afectarán ós aspectos seguintes na práctica:

Á avaliación, modificando os criterios dela, ou os instrumentos e procedementos da avaliación, variando os porcentaxes de cada apartado, no caso dos alumnos/as con lesións, enfermidades ou que presenten partes de excedencia no apartado procedimental, etc.

Á metodoloxía, aplicando métodos, (masiva ou individualizada, por modelo ou por descubrimento, aprendizaxe con ou sen error, aprendizaxe memorístico...), estratexias na práctica, (global ou analítica), e estilos de ensino (asignación de tarefas...) alternativos. Seleccionando actividades alternativas e/ou complementarias; utilizando material didáctico alternativo; modificando o tempo asignado á realización de determinadas tarefas; modificando e adaptando o espazo segundo as actividades, etc.

Ós contidos, seleccionando os contidos básicos para aqueles alumnos con dificultades, propoñendo contidos alternativos e complementarios para alumnos con lesións, incapacidade física e eliminando contidos.

Para referirnos ó noso alumnado falaremos de alumnos-as diversos-as, xa que cada un ten necesidades diversas que requiren unha resposta diferente pola nosa parte. Atenderemos ás necesidades educativas do noso alumnado no marco dun ensino comprensivo e aberto á diversidade.

Partindo do principio da comprensibilidade, a atención á diversidade de intereses, capacidades e motivacións deles pode levarse a cabo no ámbito das actuacións pedagóxicas curriculares. Non obstante, a veces, as necesidades educativas dalgúns requiren un conxunto de actuacións e recursos que difiren dos habituais, pois non todas as necesidades educativas especiais son da mesma natureza, nin teñen un mesmo orixe, nin polo tanto, necesitan

recursos e actuacións similares. Por elo, faremos unha entrevista inicial na que tratarase de distinguir entre aquelas necesidades educativas especiais que se manifestan de forma temporal ou transitoria e aquelas outras que teñen carácter de estabilidade ou permanencia ó longo da escolarización. Despois de coñecidas as necesidades dos nosos alumnos, intentaremos dar resposta diferenciada co obxecto de lograr o máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades.

Atoparemos moita diferenza no nivel inicial, xa que algúns teñen unha boa formación deportiva, o pertencer a clubs deportivos, e outros que só fan actividade física na clase de educación física. Faremos actividades e xogos comúns e outras actividades con niveis adecuados ás diferentes capacidades.

Tamén atoparemos alumnos-as con diversos problemas físicos, (sesións, alerxias, asma, traumatismos diversos...), os que se lle adaptará a práctica para poder participar activamente, acorde as posibilidades individuais.

Aqueles alumnos-as exentos ou con incapacidade temporal para a práctica da actividade física, terán que realizar traballos escritos, elaborar sesións e programas de desenvolvemento das capacidades físicas ou dalgunha habilidade deportiva específica e logo examinarse delas, segundo o criterio do profesor. Terán que expoñer algún traballo, colaborar en clase, organizar actividades ou participar na súa posta en práctica, axudar ós compañeiros en diversas tarefas, etc. O inicio do curso entregaráselles a documentación necesaria para desenvolver estas tarefas e a nota final basearase nos resultados acadados neles.

En resumo, cada alumno-a deberá traballar ó máximo posible, segundo poida.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral/escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sendeirismo	Roteiros pola contorna, para o coñecemento e disfrute do medio natural e as súas posibilidades.	X		X
Competicións deportivas nos recreos	Campionatos das distintas modalidades deportivas no tempo de lecer	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Deporte escolar	Participación na modalidade XOGADE do deporte escolar	X	X	X
Visitas guiadas	Visitar as instalacións deportivas para o seu coñecemento	X	X	X
Saídas ao medio natural	Actividade física en diferentes espazos naturais	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Temporalización da programación
Metodoloxía empregada
Deseño e desenvolvemento das UD
Outros
Rendemento do alumnado e resultado de aprendizaxe

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden suprimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados